



**Venres
31
XANEIRO**

Homenaxe a Concepción Arenal

Casiano Mouriño, director
12.30 h Rúa da Trindade

**Domingo
02
FEBREIRO**

Concerto á Carta

Casiano Mouriño, director
12 h Teatro Principal

**Luns
03
FEBREIRO**

Festas Barrio de Sar

Casiano Mouriño, director
13 h Praza da Colexiata

**Domingo
09
FEBREIRO**

Novos Intérpretes: Élégie para Violonchelo de Fauré

Ana Relova, violonchelo
Casiano Mouriño, director
12 h Teatro Principal



facebook.com/BandaMunicipal
SantiagoCompostela/
twitter.com/BMSCompostela



COMPOSTELA Cultura
www.compostelacultural.gal
www.auditoriodegalicia.org

TEMPORADA 2019 / 2020

Ciclo de Inverno

“En tempo cos ventos”



Viaxando cos Ventos

Casiano Mouriño Maquieira, director

Domingo 26 de xaneiro de 2020

12 h Teatro Principal

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
Santiago Compostela





“De mitos, lendas e viaxes”

“Entrade pero advirtovos que volve fóra aquel que atrás mirase” (Divina Comedia)

Sobre un mito xermano cimentou **Wagner** o ciclo *O anel do Nibelungo* formado por catro óperas independentes (*O ouro do Rin*, *A Valkiria*, *Sigfrido* e *O crepúsculo dos deuses*) aínda que vencelladas grazas ao emprego de motivos narrativos e musicais unificadores. A Cabalgata das valquirias é unha das máis recoñecidas melodías de Wagner na que os metais adquiren unha predominante relevancia.

A obra de **Camile Saint-Saëns** está incluída no grupo de pezas escritas na década de 1860, momento de gran relevancia para o parisiño, no que se iza como destacado compositor, mestre de referencia e incansable concertista. A inclusión do elemento exótico é inherente á súa obra, coma bo viaxeiro consolidado que era, destacando estancias en China, Exipto, Arxelia... e chegando, incluso, a residir nas Illas Canarias.

Smith bríndanos unha composición artellada sobre a *Divina Comedia*. O seu coñecemento e gusto polos clásicos da literatura tamén se reflectirá en posteriores composicións (a *Odisea* ou incluso *Don Quixote*). Nesta ocasión exclúense os dous primeiros movementos (*O inferno* e *O purgatorio*), para deixarnos ante un Dante purificado, listo para comezar a súa viaxe cara ao *Paraíso*.

De novo os metais son os encargados de abrirse camiño para afrontar unha partitura que garda certo paralelismo coa primeira parte. Victoriosa cal Radamés ante o pobo exipcio irrompe a Gran Marcha de *Aída*. A ópera, inicialmente pensada para estrear na Scala de Milán, e tras moitos artificios, sería a encargada de festexar a apertura do Canal de Suez no Cairo cunha produción maxestuosa.

Para entender mellor a seguinte obra o primeiro que debemos comprender é a relación de Ivánov como discípulo de Kórsakov, ao igual que o seu prematuro interese polo folclore caucasiano. Así, como unha exhibición de melodías tradicionais se desenvolve unha partitura chea de matices e contrastes de gran riqueza.

E para pechar, a paixoal *Orgía* de Turina, facendo un ademán ao nacionalismo español. Sen dúbida a composición máis coñecida do sevillano, formado entre Madrid e París, onde entra en contacto con Falla e Albéniz, que provocan nel un retorno ás raíces musicais andaluzas, como se percibe nesta terceira das *Danzas Fantásticas*.

PROGRAMA

I

Las Walkyria (Cabalgata), 1870

R. Wagner, 1813-1883

Orient et Occident, Op. 25 (Gran Marcha), 1869

C. Saint-Saëns, 1835-1921

The Divine Comedy (Sinfonía núm. 1), 1995

R. W. Smith, 1958

III. The Ascension

IV. Paradiso

II

Aída (Escena e Gran Marcha), 1871

G. Verdi, 1813-1901

Bocetos do Cáucaso (Suite), 1894

M. Ippolitov Ivánov, 1859-1935 (Trans. M.G. de Arriba)

I. No campamento dos xitanos

II. Cortexo do Sardad

Danzas Fantásticas, 1919

J. Turina, 1882-1949

III. Orxía